



FOLGA

S.A.E

MÉRCORES 16 de DECEMBRO

POLO RESPECTO DOS ACORDOS ASINADOS

Desde o 14 de outubro vimos demandando do SERGAS o cumprimento íntegro dos acordos asinados. A Admón non tiña ningunha intención, dende o principio, de chegar a acordos coas organizacións sindicais, só pretendía someternos á súa chantaxe.

POR COHERENCIA

O que pretende o SERGAS coa súa proposta presentada á firma, é que as organizacións sindicais:

- Enganásemos ás/aos traballadoras/es, convencéndoos de que teñen que renunciar ás súas retribucións.
- Garantíramos que esta Admón vai cumprir o seu calendario. (Se agora xa non cumpre nin o publicado no DOG!)
- Que as organizacións sindicais sexamos dóciles, converténdonos na voz da Admón e non nos representantes das traballadoras e traballadores.

POR DIGNIDADE

Porque non podemos consentir que a Admón sanitaria difunda perante a opinión pública unhas mensaxes co único obxectivo de desprestixiar as/os traballadores como preludio das medidas que van tomar na nosa contra.

PARA TE-LO MÁIS CLARO, CONTESTA Á SEGUINTE ENQUISA

Respectar os dereitos das traballadoras/es do SERGAS	Marque cun X	Manter os privilexios, sempre das/os mesmos	Marque cun X
Respecto íntegro ao ACORDO 2008/2012.		Que mais de catrocentas persoas (400) perciban o plus de altos cargos, quince mil euros (15.000 €) por un traballo que xa non realizan.	
Cumprimento do PLAN de MELLORA e os ACORDOS de PACs.		Que ás/aos xefes territoriais se lles incremente douscentos euros (200 €) por mes.	
Incremento das PLANTILLAS, maior dotación orzamentaria.		Que se publiquen no DOG as retribucións das/os altos cargos, e as dietas por acudir a comisións ou Consellos de Admón en xornada ordinaria.	

SE A TUA RESPOSTA ESTÁ MÁIS EN CONCORDANCIA CO RESPECTO AOS ACORDOS QUE CO MANTEMENTO DOS PRIVILEXIOS, DEBES DE PARTICIPAR NA FOLGA

Non sexas cómplice na campaña de desprestixio que pretenden facer da sanidade pública e das súas traballadoras e traballadores.